

abaixo e á esquerda
está o corazón

Altermundo

GALICIA HOXE | DOMINGO, 08 | MAIO 2011



FÁTIMA MELLO
Membro do núcleo de Xustiza Ambiental e Dereitos da ONG Fase (www.fase.org.br) e integrante do Secretariado Internacional do Foro Social Mundial

Xa é ampla a mobilización global, nacional e local para a Río+20. Porén corremos o risco de, unha vez máis, asistir a unha masiva mobilización social nas rúas e a unha conferencia oficial con grande repercusión nos medios, mais sen consecuencias prácticas nin acordos substantivos e vinculantes que

poidan encamiñar solucións á altura da crise vivida pola humanidade e polo planeta. Existe o risco dun resultado baleiro ou que lexitime propostas de “máis do mesmo”: máis falta de ganas políticas, máis desregulación, máis solucións paliativas para adiar os problemas de fondo. Ten sido así desde Río 92, pasando polo ciclo de conferencias da ONU nos anos 90, e de forma clara nas sucesivas COPs, a pesar das mobilizacións masivas dos movementos sociais para sensibilizar a opinión pública e presionar os gobernos.

Non é de hoxe que os actores hexemónicos saian vitoriosos no mantemento dos padróns de explotación da natureza e do traballo. Desde 1972, cando o entón Club de Roma apuntou os “límites do crecemento”, gobernos e corporacións adaptaron a súa busca de lucros e expansión crecente a aquel novo contexto. En 1987 o Informe Brundtland lanza o seu documento “O noso Futuro Común”, onde afonda na discusión sobre o límite á utilización dos recursos naturais. Tanto o Club de Roma como o Informe Brundtland contribuíron a colocar na axenda global o tema dos límites do crecemento e da necesidade dunha administración máis eficaz do modelo, que tivese en conta a finitude e a escaseza dos recursos naturais, porén sen a necesaria énfase nas disparidades no acceso e apropiación deses recursos nin nos conflitos e disputas de aí resultantes.

Río 92 buscou consolidar aquel novo contexto baixo a forma dunha ampla e masiva lexitimación da idea do desenvolvemento sustentábel, cuxo consenso dominante era o de buscar unha acomodación do ideario desenvolvimentista aliado a medidas de xestión ambiental. Sendo un concepto en disputa, en nome do desenvolvemento sustentábel os gobernos adoptaron compromisos insuficientes, as corporacións pasaron a adoptar o márketing verde, e as organizacións e movementos

RUMBO A UN NOVO PARADIGMA EN RÍO+20

En xuño de 2012 Río de Xaneiro acollerá a conferencia Río+20 nun momento de encrucillada para a humanidade. Vinte anos despois, o encontro pretende facer un balance dos compromisos establecidos en Río 1992, definir parámetros para a chamada economía verde e debater a arquitectura institucional necesaria para un desenvolvemento sustentábel

sociais tiveron niveis diferentes de apropiación, deparando visións que inclúen desde o desenvolvimentismo liderado polo Estado até as tentativas de emprender solucións privadas de administración da crise do modelo en curso. Un dos síntomas desta disputa e ao mesmo tempo de baleiramento da proposta dun desenvolvemento sustentábel son as negociacións sobre mudanzas climáticas, onde o mundo asiste á falta de ganas políticas dos gobernos para faceren a transición dos seus modelos de produción de altas cara a baixas emisións de gases con efecto invernadoiro e ao mesmo tempo ao despegar das propostas de mercados de carbono e outras falsas solucións.

En medio desta traxectoria de fráxiles compromisos, o planeta e a humanidade dan claros sinais da urxencia de solucións reais. Río+20 pode e debe ser un marco para a construción dunhas novas ganas políticas, o recoñecemento da obsolescencia dos arranxos políticos e institucionais que tratan de facer sobrevivir a un sistema en crise de lexitimidade e que está a poñer en serio risco a vida no planeta. No entanto, é preocupante que dous temas centrais da axenda oficial de Río+20 –economía verde e arquitectura institucional– corran o risco de seren marcados polos intereses das corporacións e non polos dereitos dos pobos.

Economía Verde

No caso da economía verde circulan propostas sobre un *New Green Deal*, sobre como aumentar a riqueza con redución dos riscos ambientais e sobre como impulsar novas formas de crecemento con ecoeficiencia e novas tecnoloxías, orientando os fluxos de capital a sectores de baixo carbono. Sobre como –ao contrario de se reduciren os fluxos financeiros e do comercio global– sería posíbel levar tales fluxos a sectores verdes abrindo novos nichos de crecemento e de mercado, e sobre como facer mellores condicionalidades ambientais e xerar empregos nos sectores ver-

des, apostando por novas formas de crecemento. Sendo o traballo unha dimensión central da sociedade, é crucial que se faga unha transición xusta cara a unha par-ti-

ci-pa-ción crecente dos empregos verdes no mundo do traballo; é preciso, porén, que o significado de emprego verde sexa prioritariamente relacionado co traballo decente, con dereitos asegurados, con salarios e condicións dignas. Sería unha falsa solución máis a aposta por xerar empregos en sectores de baixo carbono, pero con condicións degradantes de traballo. Alén diso, até agora o debate sobre a economía verde ten salientado a perspectiva da erradicación da pobreza sen facer énfase no necesario enfrontamento das desigualdades, no combate contra a riqueza e a concentración, e na urxencia da redistribución e do acceso aos recursos. O mundo precisa menos da produción de riquezas e máis da súa distribución.



e a apropiación colectiva do coñecemento, contribuíndo á idea dos bens comúns, son desconsiderados por estas teses dominantes, se xa demostraron que son

quen de producir sen emitir carbono, que fortalecen os dereitos, reducen desigualdades e alimentan a poboación sen envelenala? Por que son colocadas á marxe se son verdadeiramente sustentábeis política, económica, social, ambiental e culturalmente?

Porque non se trata dunha cuestión de demostración práctica e técnica, senón dunha cuestión política: estes sistemas e seus actores non son hexemónicos. A súa produción e diseminación acontecen combinadas coa resistencia ao modelo dominante, e o enfrontamento entre estes modelos antagónicos resulta en conflitos irreconciliábeis en moitos territorios ao redor do mundo.

As experiencias que emerxen de novos sistemas de produción que cuestionan a lóxica da acumulación e o crecemento infinito, que propoñen o acortamento dos circuitos entre produción e consumo, e que fortalecen os dereitos dos grupos sociais e económicos non-hexamónicos teñen sido desconsideradas no debate dominante sobre a economía verde. Por que sistemas de produción como a agroecoloxía, a economía solidaria, os sistemas agroforestais das poboacións tradicionais nos seus territorios, as tecnoloxías sociais que procuran a socialización



>> **Vén da primeira páxina**
É preciso, xa que logo, acumular forzas na base da sociedade, na política, na opinión pública e nas institucións académicas e científicas para que poidamos ver a estes novos sistemas de produción e consumo gañar os corazóns e as mentes. Os movementos globais foron capaces de facer iso con Seattle, a campaña contra a ALCA e o Foro Social Mundial, ao disputaren a opinión pública contra o neoliberalismo. Con iso contribuíron decisivamente á deslexitimación e quebra do pensamento único e á inauguración dun novo ciclo político en América Latina. O que está en xogo en Río +20 é se teremos forza política para promover unha iniciativa cun cuestionamento máis profundo, sobre as bases fundadoras do modelo vixente, e elevar o nivel das experiencias destes novos sistemas de produción á altura dunha disputa contra-hexemónica.

É CRUCIAL A LOITA POR UNHA REAL DEMOCRATIZACIÓN DO SISTEMA INTERNACIONAL. E ISO REQUIRE MOITO MÁIS QUE A MERA INCLUSIÓN DOS CHAMADOS PAÍSES EMERXENTES NOS PECHADOS PROCESOS DECISORIOS

Arquitectura institucional
O outro tema central en Río +20 debería partir do diagnóstico da crise de lexitimidade do sistema internacional e as súas institucións. Dun lado está unha ONU sen poder de implementación das súas resolucións. Doutro, institucións creadas na pos-Segunda Guerra –FMI, OMC, Banco Mundial–, que tentan producir directrices para un sistema internacional en clara crise de hexemonía e en transición cara a múltiples centros de poder, tras pasar por un longo período bipolar e un brevisimo intrépido unipolar expresado polo “fin da Historia”. Sen condicións políticas para xestionar o sistema global a través destas institucións con axendas obsoletas e procesos decisorios complexos, os gobernos con poder económico organizanse en coalicións informais e autoconvocadas como o G20, e emiten resolucións que afectarán aos pobos do mundo enteiro.
É crucial, por tanto, a loita por unha real democratización do sistema internacional. E iso

require moito máis que a mera inclusión dos chamados países emerxentes no pechado proceso decisório. Cómpre unha nova institucionalidade que exprese democraticamente os novos intereses, axendas, actores –mesmo os non-Estatais–, conflitos, contradicións e correlación de forzas do mundo de hoxe. Non se trata só da gobernanza ambiental, senón dun conxunto de arranxos institucionais nas áreas financeira, económica, social e ambiental que deben ser repensados no seu conxunto, buscando desprivatizar os procesos decisorios, afastalos dos intereses das corporacións e achegalos aos intereses e dereitos dos pobos.

A cerna do problema
Mentres do lado dos gobernos aínda é incerto o peso que se lle dará a Río +20, do lado das organizacións e movementos sociais pretendemos realizar unha iniciativa que sexa quen de con-

vocar á sociedade a debater e se inserir nas loitas polos dereitos e a xustiza socioambiental, presionando os gobernos para que asuman amplos compromisos en vez de que deleguen nos mercados e na esfera privada a administración dun mundo en crise.
A ecuación vivida hai máis dun século que combina super-explotación da natureza e do traballo en nome do infinito crecemento económico e desenvolvemento das forzas produtivas levounos ás catástrofes ambientais e sociais de hoxe. Chegamos a unha clara situación na que as solucións adoptadas polos gobernos e corporacións que procuran manter o *status quo* xa fracasaron. É hora de ollarmos para a cerna do problema: os padróns vixentes de explotación, acumulación, produción e consumo son incompatíbeis coa vida no planeta. E para afrontar este problema as ideas predominantes deixan fóra actores, visións e proxectos que hoxe resisten, disputan e presentan alternativas reais ao modelo dominante. Para que poidamos afrontar os desafíos á altura da súa gravidade cómpre pór os dereitos e a xustiza no centro da axenda, e apostar pola constitución dunha esfera pública, tanto na política como na economía, destinada a garantir os dereitos dos pobos. ●

• **INFO:** Cedido polo Instituto Brasileiro de Análises Sociais e Econômicas (IBASE: www.ibase.br). O seu director, Cândido Grzybowski, é membro do Consello Editorial de Altermundo.

MENOS



RICARDO COELHO
Economista português. Investigador no Centro de Estudos Sociais da Universidade de Coimbra

Cando preguntaron a Samuel Gompers, fundador e ex presidente da AFL-CIO, a meirande central sindical dos Estados Unidos, que é o que querían os traballadores, el simplemente respondeu “máis!”. Hoxe, podemos responder aínda do mesmo xeito cando nos preguntan que é o que quere a esquerda. Queremos máis dereitos, máis emprego, máis prosperidade e máis benestar. Mais átrévome a engadir, por máis difícil que sexa facelo en período de crise, que poderíamos responder coa mesma asertividade “menos!” a esta cuestión.
Sabemos ben cales son as consecuencias de vivir nunha sociedade de hiperconsumo, na que traballamos cada vez máis e na que nos endebdamos cada vez máis para poder mercar cada vez máis. Un dos sinais dos tempos que atravesamos é a epidemia da “doenza da présa”, identificada polos médicos como un súper-stress que decorre cando os traballadores se volven obcecados co tempo, ao xeito do Coelho Branco de “Alicia no País das Marabillas”. No medio desta carreira infernal, fica a felicidade, como demostran os estudos psicolóxicos realizados ao longo das últimas cinco décadas. Ou sexa, a famosa frase dos Beatles “money can’t buy me love” continúa tan actual hoxe coma na década que inaugurou 1960.

Para que estea claro que non me estou a “Boaventurar” na defensa de políticas de austeridade, unha clarificación é necesaria. Até un correcto limiar, o aumento do rendemento dispoñible é crucial para o aumento do benestar. O que se verifica é que, a partir deste limiar, máis diñeiro non trae máis saúde, educación, felicidade ou calquera das cousas que contribúen ao noso benestar. Este paradoxo está ben ilustrado no diálogo entre Elizabeth Taylor e James Dean no filme “O xigante”, cando a rica facendeira di ao “cowboy” que o diñeiro non é todo e el responde “non para que o ten”.

A crise ecolóxica reforza a xerencia da redefinición do concepto de benestar, indo alén do pensamento liberal, que o ve como función crecente do consumo. Todos os anos, a pegada ecolóxica da nosa sociedade industrial medra, tendo xa excedido o máximo soportábel polo planeta en 1987. Ou sexa, estamos a consumir recursos naturais a un ritmo que excede o da súa rexeneración, amoreando un déficit ecolóxico cuxas consecuencias para a humanidade, particularmente para os máis pobres, son moito máis graves que as do déficit orzamentario, aínda que non sexan tan mediáticas. Alteracións climáticas, erosión dos solos, esgotamento da auga potábel, extinción de especies e contaminación da auga e do aire son algunhas das caras dunha bio-crise que trae a miseria e a morte a millóns de persoas. Todo para alimentar un sistema produtivo orientado cara o crecemento continuo.

Parante isto, a resposta da esquerda á crise non se pode limitar a solucións que procuren ou avalen o relanzamento do consumo, como se a espiral de consumismo alimentada pola publicidade alienante, pola escravitude da poboación asiática, polo crédito doado e pola degradación ambiental tivese algún lugar nun proxecto de construción do socialismo. É posíbel que non haxa outra solución senón o crecemento neste intre, dada a necesidade de pagar a débeda e de reestruturar o aparello produtivo. Mais os obxectivos polos que loitamos, como a erradicación da pobreza, o pleno emprego, a saúde e educación públicas e de calidade, o acceso á cultura, en suma, todo o que é esencial para garantir unha boa vida para todos, son alcanzábeis nunha sociedade de crecemento cero, nunha sociedade orientada á redistribución, a sustentabilidade e o ben común.

O aumento do PIB non reflicte un progreso na consecución de calquera destes obxectivos. O PIB mide só o que é producido, e non discrimina entre a produción de menciñas ou de armas, entre o investimento en enerxía limpa ou o malgasto de enerxía ou entre o consumo de bens esenciais e o consumo de bens de luxo. Inversamente, o PIB non mide o que non é producido e transaccionado, como o resultado do traballo doméstico e familiar, non reflicte as desigualdades de rendementos e non contabiliza os custos externos da produción, nomeadamente os custos da contaminación. ●



Moi a miúdo, menos é máis e máis é menos. Defender o dereito á preguiza é tan importante como defender o dereito ao traballo. Defender máis dereitos sociais para os máis pobres é tan importante como defender menos privilexios para os máis ricos. Defender unha maior produción alimentaria é tan importante como defender unha menor produción de vehículos contaminantes.

Para termos un aparello produtivo que garanta o emprego e a sustentabilidade social e ambiental, solucións anti-crise do tipo “ao tempo volta para atrás” non son unha opción. Esta idea non debe ser vista como unha herexía para keynesianos, xa que Keynes soñaba co día en que o problema económico –entendido este como a satisfacción de necesidades ilimitadas con recursos escasos– deixase de existir.

O mesmo se pode dicir en relación aos marxistas, xa que Marx comprendía ben a necesidade de regularitar o sistema produtivo de xeito que respectase o metabolismo da natureza. Do que se trata, por tanto, é de aproveitar as mellores teorías económicas, de actualizar e analizar criticamente e de concretar a mudanza social que permita afondar na democracia económica e na democracia ecolóxica. Nada menos que o noso futuro común depende deste desafío. ●

• **INFO:** Cedido polo autor e publicado en portugués en esquerda.net. Coelho tamén escribe no seu blog: cooltheearth.wordpress.com

INCONGRUENCIAS



FEDERICO MAYOR ZARAGOZA
Presidente da Fundación Cultura de Paz

Fálase da necesidade de “acougar os mercados”... cando o que debería facerse, con suficiente capacidade previsora, é acougar á xente, que non tolerará durante moito tempo os rachoíns sociais e todo o sistema económico trastornado, con axencias de cualificación interesadas.

En Italia privatízase o Coliseo... cando un símbolo cultural desta categoría debería ser o máis “italiano”, o máis “romano”... Un pobo creador que está en mans duns cantos desaprensivos.

Leo na prensa: “O escándalo dos ERE vaise levar por diante a Chávez e a Griñán”, opina o candidato popular á Xunta de Andalucía, cando no seu partido unha nube de imputados preséntanse, con boas perspectivas segundo as enquisas, aos vindeiros comicios. Será verdade que a máis corrupción, máis votos? A pesar da obediencia partidista e da ofuscación que pode existir en determinados casos, resisto-me a crelo.

Sober o consumo de petróleo... e sobre o prezo! E sobre, xa



que logo, a produción de anhídrido carbónico. A maior consumo, era de esperar que decrecese o custo... É urxente o fomento das enerxías renovábeis! É un dos compromisos supremos coas xeracións vindeiras.

Non hai cartos para a redución da pobreza extrema, nin para manter nos Estados Uni-

dos servizos sanitarios tal como lograra o Presidente Obama fronte á insolidariedade dos republicanos... pero non hai xeito de que baixe nada de nada o gasto en armas.

Os microcréditos eran excelentes microsolucións para moitísima xente... pero, como xa advertín hai moitos anos, co-

riáse o risco de que se acabasen os macrocréditos para unha eficaz cooperación ao desenvolvemento.

En lugar de coñecer a auténtica realidade da calidade de vida dos cidadáns, as institucións financeiras internacionais e o Banco Mundial empéñanse en utilizar o PIB e a renda per cápita. E, así, resulta que Uganda e Ruanda tiveron un “incremento espectacular”. Débese a que o coltán que se explota na zona dos kivu por grandes consorcios multinacionais, “sae” –sen beneficio algún para os nativos congoleños– a través de Kampala e de Kigali. Insisto: se non coñecemos a realidade, nunca poderemos aplicar solucións correctas.

Falamos da imperiosa necesidade de garantir a liberdade de prensa... á vez que vemos máis canles de televisión concentrados nas mesmas mans e, nos quioscos, máis xornais partidistas que reflicten exclusivamente “a voz do seu amo”.

Os mercados que debían regular e os paraísos fiscais que debían pecharse... resultaron,

ao cabo, que son os que están regulando a vida política abrindo aos cidadáns insolidarios maiores posibilidades de evasión fiscal. “A Unión Europea reforza o fondo de rescate a cambio dun duro axustamento social”, lemos na prensa. Teño a seguridade de que estas novas non se lerán en poucos meses, porque a participación non presencial permitirá que sexan os cidadáns os que aseguren decisións correctas en democracias deste xeito consolidadas.

A obra social das Caixas de Aforros reduciuse extraordinariamente... Outra incoherencia: a obra social foi sempre, precisamente, o gran “diferencial popular” que as distinguía das outras entidades financeiras. Está claro que, até agora, sempre racha a corda polo segmento máis débil. Pero, de novo, fíxense ben na “marea virtual” e cesen en actuacións desta índole xa que, antes do que calculan, impedirá que sigan adiante este tipo de incongruencias.

Incongruencias, incongruencias... até cando? ●

EUROPA NO SEU LABIRINTO



ROBERTO SAVIO
Fundador e presidente emérito de Inter Press Service (IPS) e editor de Other News

O Presidente do Consello de Ministros de Finanzas de Europa e Primeiro Ministro de Luxemburgo, Jean Claude Juncker, ficou famoso por declarar: “Todos sabemos o que teríamos que facer, pero se o fixésemos perderíamos todas as eleccións”. Esta frase de impotencia da política, indica ben o camiño que Europa está a transitar.

O goberno de Portugal é a última vítima deste camiño. Todos os mecanismos creados polas institucións europeas para axudar aos seus membros en crise establecen como condición eliminar o déficit orzamentario nacional. Mais xa temos datos suficiente para saber en que nos estamos a meter.

Grecia, Irlanda e agora Portugal teñen acceso a centos de milleiros de millóns de euros de axuda. Mais trátase de préstamos e aínda que os xuros sexan un pouco máis baixos do que cobran os bancos privados, seguen a ser moi altos. Acumúlanse cada día. Para recibir eses créditos, os gobernos comprométese a recortar os seus orzamentos máis do que sería politicamente aceptábel. E no caso de países con alta dependencia do gasto público para a súa estabilidade e crecemento, recortes drásticos significaran sempre desaceleración económica, cando non inflación, o que torna aínda máis difícil pagar cada euro da débeda.

En economía, a isto se dá o nome de “a trampa da débeda”. O remedio tradicional era desvalorizar a moeda nacional, o que agora é imposible para os 17 países que adoptaron o euro como moeda única –ou, entón, declarar algún tipo de moratoria, igualmente imposible, xa que arrastraría todo o castelo europeo. Simon Tilford, economista xefe do Centro para a Reforma Europea, de Londres, escribiu: “Hai un límite para os recortes de orzamento que un goberno pode aplicar e sobrevivir politicamente” se non se ve, como a luz no fin dun túnel, unha perspectiva de crecemento económico.

Mais sabemos que esta luz non se ve en Grecia, Irlanda ou Portugal. As estatísticas din que os Estados non puideron aumentar súas receitas –ao contrario. En boa medida, porque o déficit social aumenta, con desemprego e redución de investimentos privados e sobre todo públicos. Como observou Antonio Nogueira Leite, economista do Partido Socialdemócrata portugués –opositor e á dereita do primeiro ministro que dimitiu, José Sócrates–: “As probabilidades que Grecia ten de reestruturar a súa débeda non son menores que hai un ano e os negociadores terán iso en conta, ao discutiren o tipo de xuros que se aplicará aos préstamos europeos”. E a revista *The Economist* escri-



biu: “O plan internacional para salvar a Grecia está paralizandoo país”. Coma sempre, descóbrense que un factor importante é o sistema financeiro. Os bancos de Alemaña, Francia, Gran Bretaña e Holanda, por exemplo, teñen unha gran cantidade de bonos de Grecia, Irlanda e Portugal. E se estes últimos non puideren pagar súas débedas, o sistema de bancos de primeira liña –considerados fortes– afrontará unha crise grave.

Namentres, a reforma financeira británica, que debería introducir medidas de control para evitar no futuro os excesos especulativos que causaron

aceptou un recorte de 83 mil millóns de dólares. E espérase, para os próximos días ou semanas, unha batalla moi máis grave: os republicanos queren reducir dramaticamente todos os gastos sociais e públicos.

A realidade é, desgrazadamente, moito máis simple. A opinión pública norteamericana non acepta que a carga tributaria sexa maior que o 28 por cento do PIB. Para manter o equilibrio, esta carga debería subir até o 32 por cento. É algo politicamente imposible, a acabouose o tempo en que os Estados Unidos podían vivir exportando os seus problemas cara a economía mundial, grazas ao status do dólar como moeda de reserva internacional. Hai, ano a ano, menos demanda para os bonos do Tesouro norteamericano, o dólar continúa a se desvalorizar e a máis recente expansión monetaria (“quantitative easing”), de 60 mil millóns de dólares, é probablemente a última que poderá ser adoptada sen causar graves consecuencias.

Como se ve, tamén nos Estados Unidos o déficit fiscal prevalece sobre o déficit social. Hai algúns días os electores de Islandia votaron contra o uso do diñeiro público para saldar as perdas bancarias e os recortes de orzamento. Non sería isto un indicativo dun camiño alternativo? ●

• **INFO:** www.outraspalavras.net





EL VIEJO TOPO

www.elviejotopo.com

DESVERGOÑADA CHANTAXE

A reacción airada, a desvergoñada chantaxe coa que os santóns da Unión Europea ameazaron a Islandia, despois do resultado do referendo polo que os islandeses se negaron a indemnizar aos gobernos de Holanda e Gran Bretaña pola quebra do banco online Icesave, revela ben ás claras onde reside o poder real nestes tempos globalizados. Trátase dun poder extraparlamentar, ao que parlamentos e gobernos se subordinan: o poder financeiro. Diante da decisión democrática, maioritaria, do pobo islandés, a Unión Europea, por boca entre outros do seu comisario Almunia, subliñou que, se Islandia non paga, vai ter difícil que sexa aceptada a súa solicitude de ingreso na Unión Europea. Así de claro.

A orixe do asunto atópase probablemente na decisión do goberno islandés de privatizar a banca. Unha decisión que se tomou alá por 1999 e que se rematou en 2003 coa privatización dos tres bancos máis importantes: Kaupthing, Glitnir e Landsbanki-Icesave. Moito banco para un país que ten só 320.000 habitantes.

A procura da maximización do beneficio empurrou á banca islandesa a actuar fóra do país, ofertando altos xuros para captar o diñeiro especulativo de clientes estranxeiros, que estaban obviamente encantados. Icesave, por exemplo, tiña 400.000 depositantes en Holanda e Gran Bretaña, máis clientes estranxeiros que cidadáns islandeses!

A crise levou por diante á banca islandesa, que foi nacionalizada en 2008, facéndose así cargo o Estado do buraco deixado por unha mala xestión bancaria dirixida netamente á especulación. A factura, xa que



logo, acababa pagándoa a cidadanía islandesa.

Con todo, o goberno islandés non nacionalizou a filial online do Landsbanki, Icesave, cuxo buraco era de 3.800 millóns de euros, ao considerar que non operaba no seu territorio. Os gobernos holandés e británico garantiron os seus saldos aos "investidores", pero despois esixiron ao goberno islandés a restitución deses 3.800 millóns de euros. Nunha poboación tan reducida como a islandesa, para pagar esa cantidade cada cidadán debería contribuír con 100 euros mensuais durante oito anos, nada menos.

E os cidadáns negáronse. En contra da opinión da primeira ministra, o presidente do país atendeu a peti-

ción de 40.000 cidadáns que esixían un referendo. E no referendo, o 60% dixeron non.

Pero claro, quen manda, manda. O poder financeiro conseguiu que os gobernos holandés e británico soltasen os cartos, e agora ou paga o cidadán islandés, ou o fan os cidadáns holandeses e británicos. E os bancos, de rosiñas, esperando ás quenllas de sempre que, cando as cousas melloren, os privaticen de novo.

E a Unión Europea, o FMI e a banca internacional deixárono claro: Islandia ten que pagar. E se non, que se ataña ás consecuencias. Vote o que vote. A isto chámalo democracia.

● ["Desvergonzado chantaxe". Miguel Riera, 05/11]

Público

www.publico.es

Ex-políticos nas grandes empresas

Os expolíticos gañan presenza e poder no Ibex 35. O ano pasado, 48 dos 487 postos dos consellos de administración do Ibex -o 9,8%- estaban ocupados por persoas que tiveron ou teñen cargos públicos salientábeis. En 2009, a porcentaxe era do 8%. [...] O medre prodúcese a pesar de que as caixas de aforros -moi ligadas ao poder político- reducen as súas participacións empresariais.



[...] A presenza de expolíticos na gran empresa está xeneralizada pola inmillorábel axenda de contactos de quen coñece as entrañas da cousa pública. Vinte e seis das 34 firmas analizadas teñen, cando menos, un ex-alto cargo no seu consello. Só hai 8 sen expolíticos: Inditex, BBVA, Banco Popular, Abertis, Bankinter, Ferrovial, Grifols e Sacyr.

Eses 48 postos ocúpanos, entre outros, un expresidente do Goberno (González); outro autonómico -o valenciano José Luís Olivas, ligado ao PP, vicepresidente de Bankia e conselleiro de Iberdrola-; unha ex-comisaria europea -a austríaca Benita Ferrero-Waldner, en Gamesa-, 17 ex-ministros, oito exsecretarios de Estado e varios exdiputados e conselleiros autonómicos. Non se inclúe no cómputo a asesores -como José María Aznar, na nómina de Endesa).

[...] Nesas 48 cadeiras de brazos hai clara maioría socialista. Ocupan 18 postos, cun poder equivalente ao 4,35 por cento do valor do Ibex 35. ● ["Los expolíticos ganan peso en las grandes empresas". A. M. Vélez, 17/04/11]



www.cartamaior.com.br

FSM, avances e fracasos

Coméntase que, no momento en que as teses do Foro Social Mundial se ven confirmadas na realidade, o propio FSM tórnanse intrasendente. As dúas afirmacións son correctas.



[...] Quen vai realizar as propostas que o FSM levantou? Para algúns, poderes locais, desvinculados da loita política nacional, para outros, unha forza globalizadora en escala mundial, que non encontra ningunha expresión institucional.

[...] As teses do FSM -unha parte delas rescatábeis, outras aínda sen capacidade de probar a súa efectividade- encontran en políticas gubernamentais latinoamericanas -como a Alba, o Banco do Sur, as campañas contra o analfabetismo, a Escola Latinoamericana de Medicina, o Consello Sulamericano de Defensa, entre outras, súa concreción. Así se avanza nas políticas, a través de gobernos e Estados progresistas latinoamericanos, mais o FSM perde transcendencia por non incluílos centralmente nos seus espazos e por non existir máis que cada dous anos, sen iniciativas máis permanentes fóra deses momentos. ● ["FSM: avances e fracasos". Emir Sader, 137/04/11]

ALTERNET: www.alternet.org

ENERGÍA FELICE



Contraatacar e gañar: pola mudanza climática

[...] a maioría dos Republicanos votou en contra dunha resolución que declaraba sinxelamente que o quecemento global era real: decidiron adoptar as súas propias versións da física e a química. [...] Como nunca imos ter os cartos que ten a industria de combustíbeis fósiles, temos que reconstruír o tipo de movemento que marcou 1970, corpos, paixón e creatividade son moedas coas que competir. Non é imposible. Traballando case sen diñeiro a campaña 350.org conseguiu coordinar 15.000 manifestacións en 189 países... ● ["Our Lives Are Under Threat ... We Can Fight Back and Win" Naomi Klein e Bill McKibben, 26/04/11]

L'HUMANITÉ: www.humanite.fr

CAMEROONVOICE



Europa, un proxecto cada día máis insolidario

[...] no cumio franco-italiano acabamos de asistir a unha posta en escena lamentábel e a unha instrumentalización do patente drama de homes e mulleres obrigados, arriscando as súas vidas, a abandonar o seu país para fuxir da miseria. É unha nova etapa na crise política europea que require transformacións profundas. O que está en xogo é unha carreira contra reloxo entre a fuxida cara adiante de repostas populistas e xenófobas e a urxencia de atopar solucións que aposten polo desenvolvemento social e a democracia. ● ["Schengen/Sommet franco-italien la démocratie...". Olivier Dartigolles, 27/04/11]

O MARMURTO...: omarmuriodaonda.blogaliza.org



Un exame de conducir internacionalista

[...] Asistín ás aulas da Autoescola Frago, onde me impartiron leccións en galego aínda que o libro estivese en castelán. Pedimos que o exame fose en galego. Parece que xa antes houbera algunha persoa que fixera a mesma solicitude. Reclamaron e entón xa podían ofrecermo. Chegou o día. Alí había unha morea de xente. Que seríamos, unhas 150 persoas? Por aí andaría. Os examinadores saíron cunha listaxe. Dixo un: -Hay varias personas que pidieron hacer el examen en otra lengua. Por favor, los que pidieron en inglés, chino y gallego que vayan entrando. ● [Xurxo Martínez González, 29/04/11]

A REVOLTA...: revoltairmandinha.blogspot.com



O nacional-socialismo dos ricos

[...] Estes nazis de arestora contan con milheiros de todólogos e mercenários ao seu servizo. Os estados som cotos privados de caza. Para eles os mellores bairros, as zonas máis verdes e limpas. Para eles o planeta e o futuro. Para nós as casqudas, a radioatividade, a miséria e a morte em vida. Eles tocan o violim e bailan requintadíssimas baladas em salons cheios de obras de arte que olham quedas o tintineo das copas de champagne francés e caviar ruso. Nós non seu Auschwitz planetário, com mil milhões de pessoas morrendo de fome enquanto especulam por toda a parte. ● [Antom Fente Parada, 24/04/11]